

## **CIRCULAR INFORMATIVA:**

### **DEPÓSITO DO LIXO NOS CONTEDORES**

Dende que se decretou o estado de alarma, numerosos concellos están indicando aos cidadáns que deixen os contedores abertos para evitar o contacto coas tapas nos contedores sen pedal.

A contaminación de coronavirus polo contacto directo coas tapas dos contedores pódese evitar co uso de luvas cando se vaia depositar o lixo, botando un xel hidroalcolico e lavando as mans con auga e xabón. Estas medidas son efectivas e evitan a exposición da poboación aos riscos sanitarios derivados de deixar as tapas dos contedores abertas.

#### **AS TAPAS DOS CONTEDORES DEBEN ESTAR PECHADAS POR:**

##### **1. HIXIENE:**

Nun só contedor poden almacenarse ata 200 quilos de restos de todo tipo. Aínda que os contedores da fracción resto/orgánico se recollen máis a miúdo, no seu interior proliferan bacterias que teñen posibilidade de espallarse se se deixa o contedor aberto. Por iso é importante non botar nunca lixo a granel e sempre facelo en bolsas ben pechadas.

Así mesmo, son claras as indicacións que se están a dar sobre o depósito dos refugallos de fogares con casos de Covid-19, e esa cautela non é consecuente coa indicación de deixar a tapas abertas.

##### **2. CHEIROS:**

O principal inconveniente dos contedores é o cheiro. Cabe insistirle á cidadanía que deposite os seus refugallos ben embolsados e selados, e nos días e horarios máis próximos ao momento da recollida.

##### **3. PROLIFERACIÓN DE ANIMAIS E INSECTOS:**

Un contedor aberto ou bolsas ao pé do mesmo facilita que animais como cans ou gatos abandonados, ratas, etc. acudan, rachen as bolsas e espaxen os refugallos. Os animais converten ese punto na súa fonte de alimentación e colonizan a zona. Asemade, proliferan os insectos (cascudas, moscas, mosquitos, etc.).

Manter os contedores pechados axuda a manter as pragas máis afastadas dos nosos barrios, pobos e fogares.

#### **4. ECONOMÍA**

No caso de contedores de recollida de papel ou cartón, este material perde o seu valor se se molla. Tamén valen menos os refugallos do contedor amarelo se teñen moitos impropios que poderán aumentar ao estar as tapas abertas e permitir o depósito doutros materiais.

Unha boa separación en orixe permite que os centros xestores lle paguen aos concellos polo traballo de separación realizado. Esta contraprestación serve para financiar os custos da recollida (os salarios de condutores e operarios, o seu vestiario laboral, os camións, o gasoil, etc) e para que os cidadáns paguen o menos posible.

#### **RECOMENDACIÓN**

A Fegamp recomenda a todos os concellos galegos que instrúan á súa cidadanía sobre:

- a. A necesidade de seguir deixando os contedores pechados.
- b. Os perigos e molestias asociados a deixalos abertos.
- c. Días e horarios de recollida, para evitar depósitos prolongados.